

ESQUEMA 5. QUE IMPULSA A GLOBALIZACIÓN?

A **globalización** é posible grazas a eliminación de barreiras comerciais e aos avances nos transportes e telecomunicacións.

- A **liberalización do comercio**: consiste na redución ou eliminación das barreiras impostas aos produtos (aranceis). Isto facilita o intercambio de produtos e servizos entre países.
- Para favorecer o comercio mundial os países acostuman asinar acordos económicos internacionais: (MERCOSUR, EU...)
- Esta liberalización do comercio supuxo o incremento do volume do comercio mundial.

Servizos financeiros: actividades relacionadas coa xestión do diñeiro (aforro, investimento etc.) ou a cobertura de riscos sobre os bens e as persoas (seguros).

Sistema financeiro: permite o intercambio de recursos económicos entre aforradores e demandantes de crédito. Inclúe: bancos, accións, bolsas...

Internet tivo unha relevancia especial no eido das comunicacións.

A mellora dos **sistemas de transporte** permitiu o traslado dun gran volume de mercadorías a distancias afastadas.

ESQUEMA 6. AS MULTINACIONAIS, PROTAGONISTAS DA GLOBALIZACIÓN

Definición de multinacionais: empresas capaces de producir e vender bens e servizos en varios países.

O 90% das multinacionais atópanse en **Europa, Xapón ou EE.UU.** No entanto, nos últimos anos aumentaron as multinacionais no Sudeste Asiático.

A presenza das multinacionais é moi intensa nos **países menos desenvolvidos** porque o custo da man de obra, as condicións laborais, os impostos ou as esixencias medioambientais son menores.

Aspectos positivos da implantación das multinacionais nos países menos desenvolvidos:

1. A súa presenza comporta investimentos
2. Promoven a creación de infraestruturas
3. Xeran novos empregos

Aspectos negativos da implantación das multinacionais nos países menos desenvolvidos:

1. Soldos baixos
2. Longas xornadas laborais
3. Condicións precarias de traballo